

RESUMO ACTIVIDADE

2023




XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

ENTRADA EXPEDIENTES




Entrada expedientes para valorar

2023



Entrada expedientes para valorar

2006
2023



Total expedientes: 55.678

Notas

- No ano 2023 entraron no XEG 562 expedientes para valorar, que xunto os que había pendentes valoráronse en total 743 expedientes.
- Dende o *comezo* da actividade do XEG ata 2023 entraron para a súa valoración 55.678 expedientes que forman parte de 2.290 proxectos de expropiación, polo que a ratio de expedientes (ou pezas a valorar)/por proxecto arroxa un número de 24,31 expedientes.
- A media de entrada de expedientes se sitúa en 3.093 exp/ano.


TIPOS DE EXPEDIENTES A VALORAR



Entrada expedientes para valorar SEGUNDO O TIPO

2023

Tipo de expediente valoración	Recibidos
De prezo xusto	555
Ordinarios	9
Urxentes	500
Taxación conxunta	30
Ocupación temporal	0
Ministerio da lei	16
Retaxación	0
De reversión	0
De compensación	2
De informes de valoración	1
De execución de sentenza	4
Total expedientes valoración	562



Entrada expedientes PREZO XUSTO para valorar

2023

Expedientes de prezo xusto 555

Ordinarios

9

Urxentes

500

Taxación conxunta

30

Ocupación temporal


0

Ministerio da lei

16

Retaxación

0



Entrada expedientes para valorar SEGUNDO O TIPO

2006
2023


Tipo de expediente valoración	Entrados
De prezo xusto	54.944
Ordinarios	2.470
Urxentes	42.294
Taxación conxunta	10.028
Ocupación temporal	21
Ministerio da lei	79
Retaxación	52
De reversión	119
De compensación	28
De informe de valoración	1
De execución de sentenza	586
Total expedientes valoración	55.678



Entrada expedientes PREZO XUSTO para valorar

2006
2023

Expedientes de prezo xusto 54.944



Notas


- Neste epígrafe hai que diferenciar entre expedientes propiamente ditos de prezo xusto (ordinarios, urxentes, de taxación conxunta, ministerios da lei e retaxacións) dos de reversión, compensación, informe de valoración e execución de sentenza. Os primeiros supoñen un 98,75 % dos expedientes para o ano 2023 e dun 98,68% para o período 2006-2023; polo que os segundos teñen case un carácter residual.
- Dos expedientes propiamente ditos podemos subliñar que para o ano 2023 o 88,97 % pertencen ao procedemento urxente (o ano anterior este porcentaxe era dun 85%) mentres que para o período 2006-2023 o 75,96 % pertencen a ese procedemento.
- Nomeadamente, os expedientes relativos ao procedemento de taxación conxunta representan no ano 2023 o 5,34 % e no período 2006-2023 representan o 18,01 %.

EXPROPIANTES



Entrada expedientes Administracións expropiantes


2023



■ Xunta de Galicia ■ Administracións Locais


Entrada expedientes Administracións expropiantes

2023




Entrada expedientes Administraciones expropiantes

2006
2023



Entrada expedientes Administraciones expropiantes

2006
2023



Notas

- Para o ano 2023, as cifras de recepción de expedientes para a súa valoración amosan que nun 72,06% dos expedientes a administración expropiante foron entidades dependentes da Xunta de Galicia e nun 27,94 as corporacións locais (o ano anterior foron un 66,11%, e un 33,89% respectivamente). A cifra para o período 2006-2023 foi dun 84,05 e dun 15,95 (no período 2006-2022 foron do 84,16% e dun 15,83% respectivamente).
- Neste ano 2023 a entrada de expedientes da Consellería de Industria presenta un lixeiro incremento porcentual, sendo estes 219 (un 38,97% do total) fronte aos 283 (un 27% do total) do ano 2022. A Consellería de Infraestruturas aporta ao ano 2023, 114 expedientes que suponen un 20,28 % do total da entrada de expedientes mentres que a no ano 2022 foron 389 expedientes (38,21 %).
- De forma xeral e por orde de importancia podemos subliñar que os expropiantes máis relevantes son a Consellería de Economía e Industria; seguida da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Diputación da Coruña dentro das administración locais.

BENEFICIARIOS




Beneficiarios

2006
2023

Expropiante	Beneficiarios	Entrada expedientes valoración	
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)			35.070
	CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	21.682	
	AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO, ZONA FRANCA E OUTRO	6.549	
	CONCESIONARIAS DE ESTRADAS	3.999	
	ENTIDADES EMPRESARIAIS (AUGAS DE GALICIA, SOGAMA, SPI...)	1.256	
	XESTUR	1.237	
	IGVS	313	
	OUTROS	34	
Consellería de Economía e Industria			10.861
	FENOSA (NATURGY....)	6.502	
	BEGASA	582	
	E-ON	431	
	GAMESA	391	
	ENDESA	311	
	OUTRAS	2.644	
Outras consellerías			896
	OUTRAS CONSELLERÍAS...	67	
	AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO, ZONA FRANCA E OUTRO	485	
	RETEGAL	4	
	UNIVERSIDADE DE A CORUÑA	2	
	SERGAS	336	
	PORTOS DE GALICIA	2	
Deputacións			5.985
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	3.237	
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	2.021	
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	494	
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	223	
	CONCELLOS	10	
Concellos			2.866
	CONCELLOS	2.042	
	OUTROS (ENTIDADES PÚBLICAS, PROMOTORAS, PERSONAS FÍSICAS,...)	697	
	XUNTAS DE COMPENSACIÓN	118	
	COMUNIDADES DE PROPIETARIOS	9	
			55.678


Beneficiarios cando o expropiante é a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

2006
2023




Beneficiarios cando o expropiante é a Consellería de Economía e Industria

2006
2023




Beneficiarios cando o expropiante son outras consellerías

2006
2023




Beneficiarios cando o expropiante son as Deputacións

2006
2023



Beneficiarios cando o expropiante son os Concellos

2006
2023



Notas

Se temos en conta a relación Expropiante/Beneficiario podemos sinalar o seguinte:

1. Cando o expropiante foi a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é a propia consellería a que aparece máis veces como beneficiaria cun 61,82% dos casos; logo estaría o ente composto pola Autoridade Portuaria de Vigo-Zona Franca-Outro cun 18,67% dos casos; de seguido aparecerían as empresas concesionarias de estradas cun 11,40% dos casos; e por último outras entidades empresariais.
2. Cando o expropiante foi a Consellería de Economía e Industria, ésta non é nunca beneficiaria das expropiacións, son na totalidade dos casos empresas privadas relacionadas co sector eléctrico (destacando Unión Fenosa con case un 60% dos expedientes)
3. Cando os expropiantes foron as Deputacións Provinciais a beneficiaria coincide na mesma deputación case o 100% das veces.
4. Cando os expropiantes foron os concellos os beneficiarios adoitan a ser os propios concellos (71,25% dos expedientes) e o resto son entidades varias como promotores, entidades empresariais, comunidades de propietarios, xuntas de compensación, etc.

EXPROPIADOS



Expropiados


2006
2023

Entrada expedientes con titulares coñecidos	Entrada expedientes con titulares coñecidos con dirección postal	45.311	81,38%
	Entrada expedientes con titulares coñecidos sen dirección postal	5.156	9,26%
Entrada expedientes con titulares descoñecidos	Entrada expedientes con titulares descoñecidos	5.211	9,36%
		Total 55.678	

Hai pouco que sinalar neste apartado, simplemente reflectir que dos 55.678 expedientes que entraron no Xurado dende o seu inicio un 81,38% dos expropiados estaban claramente identificados sendo o resto titulares sen algún domicilio coñecido ou de identidade descoñecida (nestes casos as comunicacións que realiza o XEG se dirixen ao ministerio fiscal da provincia correspondente)

Expropiados

2006
2023




DISTRIBUCIÓN GEOGRÁFICA




Distribución xeográfica da entrada de expedientes

2023



Distribución xeográfica da entrada de expedientes

2006
2023



Notas


- No ano 2023, analizando dende un punto de vista xeográfico provincial a procedencia dos expedientes que se reciben no XEG, vemos que a provincia de A Coruña cun 51,96% dos expedientes é a máis activa, seguida de Lugo e Pontevedra, con idéntica porcentaxe do 18,86% (no ano precedente 2022 foron Coruña cun 44,70% e a de Pontevedra 26,92%).
- Durante o período 2006-2023 son as provincias da de Pontevedra (35,28%) e A Coruña (33,75%) das que ata agora proceden máis expedientes a tramitar polo Xurado.

SUPERFICIES




Superficies de solo e voo (m²)

2023




Superficies de solo e voo

2006
2023



Distribución superficie solo (m²)


2023



■ Superficie Industrial ■ Superficie Rústica ■ Superficie Urbana

Distribución superficie solo (m²)

2006
2023



Tendencias superficies

- No ano 2023 cambiou a tendencia con respecto ao ano anterior, pois o XEG valorou expedientes de expropiación que acumularon superficies de solo de 129.253 m² e 120.437 m² de voo (no ano 2022 as superficies foron de 297.526 m² de solo e máis de 104.763 m² de voo).
- Se examinamos unicamente o solo por ser a variable máis importante, no ano 2023 no XEG se valoraron un 34 % de superficie urbana e un 65 % de superficie rústica e un 1 % de superficie industrial (no ano 2022 estas cifras eran dun 40 % dos m² de “superficie urbana” e dun 60 % dos m² de “superficie rústica”).


MOTIVO DA EXPROPIACIÓN



Entrada expedientes segundo o motivo que provoca a expropiación

2023


Viais	301
Liñas eléctricas	171
Parques eólicos	39
SD	6
Acondicionamento entorno ríos	2
Saneamento	2
Intervención na costa	1
Abastecemento de auga	1
Solo empresarial	14
Dotacional espazos libres	19
Dotacional educativo	1
Dotacional docente	1
Dotacional asistencial	1
Dotacional cultural	3
	562



Entrada expedientes segundo o motivo que provoca a expropiación

2006
2023

Vías	33.236
Solo empresarial	9.047
Liñas eléctricas	8.598
Parques eólicos	1.249
Aproveitamentos hidroeléctricos	444
Gasodutos	425
Saneamento	442
Solo residencial	412
Dotacional sanitario	286
Acondicionamento entorno ríos	262
SD	231
Dotacional espazos libres	229
Dotacional educativo	138
Abastecemento auga	106
Intervencións na costa	91
Dotacional cultural	90
Obras en portos	87
Dotacional deportivo	86
Seguridade ferroviaria	80
Mellora tratamento residuos	51
Dotacional administrativo	33
Concesións mineiras	24
Dotacional docente	22
Dotacional asistencial	9
TOTAL	55.678



Notas

- No ano 2023 dos expedientes expropiatorios que tiveron entrada no XEG a maioría foron consecuencia da construción de viais (autoestradas, estradas e camiños) cun 53,56%; da implantación de liñas eléctricas co 30,43%, e parques eólicos co 6,94%. Estes tipos supoñen preto do 91 % do total.
- Se analizamos o mesmo dato no período 2006-2023 observamos que os tipos de proxectos con maior peso son os relativos a viais co 59,69%, o solo empresarial co 16,25% (sinalamos que aquí inflúe entre outras cousas o proxecto da Plataforma Industrial de Salvaterra-As Neves) , as liñas eléctricas co 15,44% e os parques eólicos co 2,24%. Estes tipos supoñen máis do 93 % do total.

IMPORTES DAS VALORACIÓNS



Importes segundo as partes interesadas

2023

- Totais

Nº expedientes	Expropiante	Xurado	Expropiado
743	2.823.411,44 €	5.705.451,59 €	35.552.503,98 €

- Prezo medio

Nº expedientes	Expropiante	Xurado	Expropiado
743	3.800,02 €	7.678,94 €	47.849,94 €

Importes segundo as partes interesadas

2006
2023

- Totais

Ano	Nºexpedientes	expropiante	xeg	expropiado
2006	1.792	18.071.881,08 €	22.988.700,28 €	83.692.036,53 €
2007	8.201	34.810.732,59 €	54.237.944,95 €	172.050.434,58 €
2008	4.688	31.354.957,48 €	53.826.827,62 €	114.774.674,85 €
2009	3.777	40.927.497,69 €	51.539.243,88 €	167.834.253,72 €
2010	5.135	34.646.538,92 €	51.371.924,35 €	183.609.352,42 €
2011	5.301	84.853.749,95 €	86.577.450,89 €	243.176.509,79 €
2012	5.561	58.727.837,49 €	76.480.244,94 €	275.495.741,85 €
2013	5.709	28.825.273,09 €	40.648.157,83 €	186.970.541,26 €
2014	2.643	25.758.012,00 €	32.969.133,71 €	243.531.328,99 €
2015	2.283	14.627.024,02 €	28.079.201,12 €	89.075.836,36 €
2016	1.509	7.425.613,17 €	12.374.555,57 €	49.100.061,59 €
2017	1.166	9.731.950,04 €	12.092.628,01 €	31.919.015,74 €
2018	1.120	5.655.277,17 €	12.046.653,30 €	81.526.716,57 €
2019	1.122	3.313.168,50 €	5.122.610,78 €	17.443.921,52 €
2020	1.714	5.741.924,24 €	9.394.652,16 €	31.781.587,29 €
2021	1.997	9.931.922,77 €	15.134.313,13 €	43.874.123,09 €
2022	1.159	8.290.331,13 €	12.760.335,76 €	29.696.658,92 €
2023	743	2.823.411,44 €	5.705.451,59 €	35.552.503,98 €
	55.620	425.517.102,77 €	583.350.029,87 €	2.081.105.299,05 €

- Prezo medio

Nº expedientes	Expropiante	Xurado	Expropiado
55620	7.650,43 €	10.488,13 €	37.416,49 €


Notas

- Neste apartado imos facer referencia aos expedientes de expropiación que foron resoltos polo Xurado tanto mediante a forma normal de terminación (resolución) como por algunha outra forma de terminación especial.
- O resultado das valoracións no ano 2023 en importe comparado, entre o ofrecido polo expropiante, o proposto polo expropiado e o valorado finalmente polo XEG, indica que as valoracións con respecto ás administracións expropiantes se incrementaron en case 2,9 millóns de euros. Así o prezo medio acadado polo Xurado é de 7.678,94 euros por expediente (3.878,92 euros máis de media por expediente con respecto ás administracións expropiantes).
- No período 2006-2023 o XEG incrementou as valoracións dos expropiantes en máis de 157 millóns de euros. Así o prezo medio acadado polo Xurado é de 10.488,13 euros por expediente (2.837,70 euros máis de media por expediente con respecto ás administracións expropiantes).
- Hai que sinalar que algúns expedientes non chegan a ser valorados. Son aqueles que entran no Xurado e teñen unha forma de finalización distinta á unha resolución de prezo xusto, é dicir, inadmisións, terminacións especiais, mutuos acordos, etc.

Intervalos de valoraciones

2023


Intervalo	Expedientes
De 0 a 1000	412
De 1000 a 5000	203
De 5000 a 10000	48
De 10000 a 50000	51
De 50000 a 150000	9
De 150000 a 500000	9
De 500000 a 1000000	1
Dende 1000000	0
Sen Valoración	10
TOTAL	743



2006
2023

Intervalos de valoraciones

Intervalo	Expedientes
De 0 a 1000	22.433
De 1000 a 5000	16.552
De 5000 a 10000	5.296
De 10000 a 50000	6.040
De 50000 a 150000	1.239
De 150000 a 500000	455
De 500000 a 1000000	89
Dende 1000000	43
Sen Valoración	3.473
TOTAL	55.620



- De 0 a 1000
- De 1000 a 5000
- De 5000 a 10000
- De 10000 a 50000
- De 50000 a 150000
- De 150000 a 500000
- De 500000 a 1000000
- Dende 1000000
- Sen Valoración

Maiores valoracións

2023

PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	Carballo	PROXECTO EXPROPIACIÓN PARA OBTENCIÓN DOS TERREOS DO SISTEMA LOCAL SL-EL 11. CONCELLO CARBALLO	399.521,75 €
Lugo	Lugo	MINISTERIO DA LEI FINCA CATASTRAL 8715306PH1681N0001FU ESQUINA AVENIDA MADRID COA RÚA BERNARDINO PARDO OURO. CONCELLO LUGO	156.347,44 €
Ourense	Ourense	1ª FASE DO PROXECTO INTEGRADOR DA NOVA ESTACION INTERMODAL DE OURENSE	591.725,57 €
Pontevedra	Baiona	PROXECTO NOVA ESTRADA DE ENLACE DA AUTOESTRADA DO VAL MIÑOR COA C-550. CONCELLO BAIONA	457.507,73 €

Maiores valoracións

2006
2023

PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	A Coruña	REVERSIÓN PREDIOS SECTOR 10 PARQUE OFIMÁTICO PXOM DA CORUÑA	4.705.123,19 €
Lugo	Lugo	ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO	2.485.023,86 €
Ourense	Ourense	MINISTERIO DE LEI EXPROPIACION DA FINCA ACEVEDO NO BARRIO DA CRUZ ALTA. TM OURENSE	1.834.367,17 €
Pontevedra	Mos	PARQUE EMPRESARIAL DE MOS	4.414.868,94 €

Notas

- Analizando os intervalos de valoración dos expedientes que se tramitaron no ano 2023 vemos que o 82,77% dos expedientes foron de valores de ata 5.000 euros, o cal da unha idea das pequenas propiedades que en Galicia son obxecto de valoración por parte do XEG.
- Dos expedientes ata 10.000 euros, hai un lixeiro aumento con respecto ao ano 2022. Así no ano 2023 son un 89,23% fronte ao 85,42% do ano 2022.
- Os resultados da serie histórica 2006-2023 amosan un 70,09% de expedientes cun importe de valoración de ata 5.000 euros e dun 79,61% de expedientes cun importe de valoración de ata 10.000 euros.

IMPORTES MEDIOS POR CONCELLOS



Importes medios por concellos

2023

Tomando como base o “Informe de Valoracións de Solo por Concello. Plenos do ano 2023” podemos sinalar que os importes medios acadados nos distintos Concellos:


- En solo rural: para o ano 2023 os importes medios máis altos que se acadaron foron de 10,66 €/m² en solo forestal (Pontevedra) e de 20,16 €/m² en solo agrícola (Cambados).
- En solo urbanizado: para o ano 2023 acadáronse importes máximos de 89,31 €/m² en núcleo rural (Nigrán) e de 397,29 € en urbano (A Coruña).

OUTRAS TRAMITACIÓNS DO XURADO




Recursos de reposición

2023




Recursos de reposición

2006
2023




Remisión de documentación ao TSXG

2023



Remisión de documentación ao TSXG

2006
2023



RESUMO ANO 2023

- Tendencia á baixa na entrada de expedientes sendo 562 no ano 2023 fronte aos 1.018 do 2022.
- Os expedientes de prezo xusto de expropiacións URXENTES presentan un ligeiro ascenso con respecto ao ano 2022, sendo dun 89 % no 2023 fronte aos 85 % no ano 2022
- En relación ás administracións expropiantes perden algo de peso as Corporacións Locais cun 27,94 % dos expedientes no ano 2023, e a Xunta de Galicia cun 72,06 % (no ano 2022 estes valores eran dun 33,89% e un 66,11 % respectivamente). Dentro da Xunta, neste ano 2023, gaña peso a Consellería de Industria que presenta un lixeiro incremento porcentual, sendo un 38,97% fronte ao n 27% do ano 2022. A Consellería de Infraestructuras aporta ao ano 2023, 114 expedientes que suponen un 20,28 % do total da entrada de expedientes.
- Xeográficamente as provincias con mais peso no 2023 son as da Coruña (51,96%), Pontevedra e Lugo (18,86 % respectivamente fronte ao ano precedente, sendo as da Coruña e Pontevedra as de máis actividade no ano 2022 (44,70% e 26,92 % dos expedientes). A Diputación de A Coruña é a Corporación local que gaña máis peso pasando dun 8 % do total de expedientes no ano 2021 a un 16,90 % do total de expedientes no ano 2023.

XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

